






Avelino Pousa Antelo



Francisco Fernández del Riego



Isaac Díaz Pardo



Carlos Casares

Os promotores da celebración defenden a necesidade de que Castelao chegue a todos

A figura máis popular do seu tempo

"Pasou de ser a figura máis popular á máis silenciada, besta negra do franquismo que a ocultou con eficacia. Non me extraña que aínda hoxe haxa moitos galegos que descoñecen a súa existencia porque a educación franquista borrou a pegada do galeguismo". Quen isto afirma é Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao que o día 7 de Xaneiro inaugurará en Vigo un ano que se lle presenta cheo de actividade. Avelino Pousa coñeceu a aquel Castelao que engaiolaba coa súa palabra, que convencia mesmo como a el lle aconteceu despois de asistir a aquel mitin no Teatro Principal que mudou a súa vida. "Daquela estaba en Compostela, era o 10 de Maio de 1931 e escoitar a Castelao captoume para sempre. Tiña carisma e quedei marcado como galeguista para toda a vida. Logo participei xa activamente nas reunións que facían" lembra facendo gala de ser dos primeiros que leu o *Sempre en Galiza* fóra do exilio. Ten vontade Avelino Pousa de facer neste ano "todo o que humanamente poda" porque entende que é a ocasión de conmemorar a un home ao que define "pola súa xenerosidade a Galiza, á terra e á xente cunha obra eficaz e continua".

Do tempo é tamén o presidente da Academia Galega, Francisco Fernández del Riego que participou xa, na antesala do ano, do acto que a institución celebrou para lembrar a faceta académica de Castelao. "Coñecín tres etapas del. Fun compañeiro en actividades políticas e daquela tiña unha popularidade asombrosa. As *Cousas da vida* chegaron ao

Foi popular no seu tempo. Quen o coñeceu fala de que era frase feita dicir ante calquer acontecemento cotiá "son cousas da vida, de Castelao". Castelao logrou salvar a morte no 1936 pero o seu nome desapareceu do país diante dunha ditadura que matou aos seus compañeiros e segou todo o que poidera quedar do seu ideário. Vintecinco anos despois da morte do ditador, o seu nome segue a soar de vagar, gañando espazo pero distando moito do recoñecemento que merece a figura máis relevante do século.

ambiente da xente, foron os anos nos que foi máis coñecido. Logo borrouse o seu nome e ninguén sabía del até o punto que cando editei por vez primeira en Galaxia *Os vellos non deben de namorarse* fixen unha tirada optimista de 5000 exemplares e vendéronse os 300 dos subscritores da editorial. Hoxe a maior parte da xente sabe quen é" afirma del Riego quen defende que a presenza de Castelao entre os galegos ten que ser continua e non cinguirse aos fastos do ano, afirmación que aproveita tamén para poñer sobre aviso da necesidade de que as conmemoracións non poden mermar a celebración do Día das Letras Galegas adicado a Manuel Murguía ao seu ver, "moi descoñecido e moi admirado por Castelao".

Tamén Isaac Díaz Pardo destaca a efectividade coa que se eliminou da historia o nome de Castelao. "O franquismo fixo todo o posíbel por ocultar a guerra civil e agora as cousas se están reconstruíndo. O pensamento social e político de Castelao é o atranco para dalo a coñecer. Outórganse medallas co seu nome a xente que sería capaz de metelo no inferno. O que pasou cos seus restos non tería acontecido se viviran persoas como Seoane ou Lorenzo Varela, fíxose por ignorancia. O problema está en que non se quere facer nada

do que Castelao propagaba. A situación ten que cambiar e o seu nome trascender, incluso naqueles que non cren nel" comenta Díaz Pardo.

Unha situación a correxir

Diante do ano no que se conmemorará o cincuenta aniversario do seu pasamento varias son as iniciativas promovidas para que muden os dados tirados do inquérito feito por *A Nosa Terra*. A deputada do BNG Pilar García Negro presentou varias iniciativas parlamentares para que a obra de Castelao se promova e se dé a coñecer entre a poboación. "A ignorancia arredor da súa figura resulta expresiva dunha situación lamentábel de falta de coñecemento de nós mesmos e nosa historia e que cómpre correxir urxentemente porque a fractura é brutal" afirma a deputada nacionalista. Presenta dúas vías para mudar a situación: "a primeira sería actuando no ensino e para iso habería que comprometer aos responsábeis educativos, ao propio profesorado, a entidades e organizacións pedagóxicas e sindicais, incluíndo á Universidade que precisaría unha maior implicación. Outra vía sería sociopedagóxica e abranquiar a toda a poboación e, para iso, teríanse que comprometer os poderes públicos e os medios de comunicación de titularidade pública. É desolador que se fale de desmitificar can-

do non hai mito que non sexa coñecido. Castelao é coñecido e querido polo nacionalismo, nen sequer no seu conxunto, e o remedio está en promover a relevancia da súa persoa". Con ese fin o BNG presentou no Parlamento a declaración da obra de Castelao como Ben de Interese Cultural, aprobada pola Cámara pero aínda non feita efectiva. "É a maior figura de protección xurídica do patrimonio cultural, impediría que a súa obra fora expoliada, sacada do país e que se especulase con ela. Castelao merece un tratamento digno e unha popularización do seu traballo. Tamén se esixirá que a súa obra sexa exposta con dignidade" defende García Negro.

Meses antes do comezo do 2000 xa o Concello de Pontevedra se tiña adiantado na proclamación do *Ano Castelao*. A institución local artellou todo un amplo programa de actos con continuidade durante todo o ano e especial fincapé na divulgación da vida e a obra do rianxeiro que tantos vencellos tivo coa cidade do Lérez. "A declaración provocou un efecto en cadea e, aos poucos, fóronse sumando á conmemoración outros concellos, a deputación e mesmo a Xunta. Queremos conseguir mediante un conxunto de actividades que Castelao sexa coñecido. Os datos do inquérito teñen unha clara explicación, a falta de presenza no ámbito cultural e o silen-

cio institucional non fixeron nada para popularizar unha figura de tal relevo. Nós queremos cobrir ese baleiro e o concello vai-se volcar na celebración, porque é fundamental, tanto para Pontevedra como para toda Galiza" explica Luis Bará, concelleiro de Cultura en Pontevedra e responsábel do programa de conmemoracións.

O concelleiro de Cultura de Vigo, Carlos González Príncipe entende que este vai ser o ano "da explosión de Castelao. A democracia foi unha excepción neste país no século XX e el é froito desa historia porque era un verdadeiro demócrata. É preciso comprometerse arreo na divulgación desta importante figura histórica e política do país".

Toma de conciencia do país

O congreso organizado pola ASPG e o departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña a fins do pasado mes de Novembro abriu o apartado de análise e debate sobre os estudos arredor da figura de Castelao. O profesor Carlos Paulo Martínez Pereiro considera que a numerosa afluencia de xente e o interese mostrado no conxunto do programa mostran que para "unhas minorías con amor ao país é unha referencia inexcusable pero, no xeral, privilexiouse unha especie de prestixio intocábel, co sentido etimolóxico de engado e non a relevancia política á que el subordinaba todo. É unha situación ambigua e contraditoria. O seu pensamento é actual e o recoñecemento está a ir unido á toma de conciencia de país". Defende Martínez Pereiro a urxencia de considerar a súa obra como "pa-



Pilar García Negro



Henrique Monteagudo



Luís Bará

A correspondência continuará sen ser publicada na sua totalidade

A editorial *Galaxia* publicará un volume de correspondencia de Castelao, pero na gaveta quedarán aínda unha morea de cartas que non verán a luz neste ano. "Vai ser un volume novidoso, de Castelao gárdanse perto de catro mil cartas" sinala Carlos Casares que se queixa de non poder publicar todas as desexábeis, especialmente as que mantiveron en contacto ao político de Rianxo cos persoeiros bascos. "Algunhas das que se gardan na Fundación Sabino Arana publicáronse en *Castelao y los vascos*, un libro de Anasagasti, pero hai outras cuxo acceso só está permitido por Xavier Arzallus. Non podemos conseguir o seu permiso" sinala.

Un bo feixe de cartas está en posesión de Francisco Fernández del Riego que as mantivo enterradas até o fin da ditadura. "Publicáronse moitas pero aínda quedan algunhas interesantes para coñecer a verdade histórica. Houbo polémica entre o Consello de Galiza co galeguismo clandestino pero o ponto de vista e os obxectivos eran os mesmos. Non coincidían nas tácticas pero o conflito non podía ser forte porque todos eran galeguistas" afirma del Riego que desenterrou a correspondencia chegando a democracia pero non considerou "oportuna a súa publicación". Non entanto, o presidente da Academia afirma que el mesmo se encargará da edición do legado de Castelao que obra no seu poder. Doutra opinión é Isaac Díaz Pardo. Despois do moito que se ten falado das cartas ocultas de Castelao, considera aínda que non se deben facer públicas, que responden a un momento especial e que non "é agora momento de remexer nese tema".

"As cartas non modifican moito o que se sabe, mostran a imaxe da súa personalidade como cando di que lle apetece darlle unha labazada a Vicente Risco pero logo apertalo entre os seus brazos. Era un home dunha grande xenerosidade que participou en polémicas políticas pero non de enfrontamentos" comenta Avelino Pousa Antelo.

Henrique Monteagudo participou en todo o proceso de recolección da correspondencia de Castelao. Considera o estudo que "non hai ningún segredo, pero si persoas que posúen cartas importantes e que non queren dalas a coñecer. A colección de Rodolfo Prada e a correspondencia cos galeguistas do interior quedan aínda por facerse pública" comenta. Aclara que o interlocutor político de Castelao no mentado debate non é Ramón Piñeiro senón Fermín Penzol, que pasou a empregar o pseudónimo de Santiago Pol. "Cando Piñeiro volve de entrevistarse en París con Castelao cóllelo preso e desde a cadea non pode influir e ser interlocutor de Castelao. O seu posto é ocupado por Penzol que emprega as claves de escrita e o seu pseudónimo" explica.

trimónio público, de fácil acceso para todos, que se achegue a lectura e a reflexión. É unha figura de tal grandeza que permite o seu achegamento sen mediación, nel podémonos recoñecer e ser recoñecidos".

Alberte Ansedé, presidente da ASPG, non dubida á hora de falar de "despilfarro do poder autonómico que non se empregou no coñecemento da nosa cultura. Non se difunde o estudo entre a poboación que queda á vontade dos máis ideoloxizados e interesados. Castelao é a figura nacional e é sorprendente que non se utilice para dar identidade e coherencia ao país e ten

que converterse en elemento fundamental do sistema educativo". Fala tamén Ansedé da dinamización que promoveron "os sectores que máis se identifican con el que foron quen de arrastrar ao poder institucional. O resultado pode ser aceptábel se somos quen de dalo a coñecer como a grande figura nacional e achegar a súa obra á xente".

Pola contra, para Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura e responsable da editorial *Galaxia*, os resultados do inquerito non deixan de ser "sorprendentes" xa que pensa que a figura de Castelao é das máis divulgadas no país. "Coido que

é unha das figuras de anteguerra e posguerra máis coñecidas na Galiza. Por exemplo, todos os escolares teñen que estudar contidos nos que se explica a figura e a obra do de Rianxo. Polo tanto sorprendeme o escaso coñecemento, non tanto nas persoas de maior idade", comenta.

Se o coñecemento popular de Castelao se presenta como unha débeda que debe ser resolta, para o profesor e vicepresidente da Fundación Castelao, Henrique Monteagudo, quedan aínda fortes baleiros en canto ao estudo e investigación. "Hai lagoas poucos explicábeis. Anos da súa biografía en branco e dados

colocados erroneamente. O período da guerra témolo case en branco, pídesse a gritos facer un catálogo da obra artística xa que siguen aparecendo obras novas e continuase especulando de forma escandalosa. A súa obra ten moitos lectores, como mostra o número de edicións dos seus títulos, pero falta aínda unha divulgación máis popular". Confía Monteagudo que no 2000 se de un paso importante para ter "unha imaxe global e inserilo no seu contexto. Houbo institucións moi receptivas que estimularon a outras e o abano de conmemoracións se ocupará tanto do aspecto máis erudito como da promoción popular". ♦

Un abano de actos para todo o ano

O concello de Pontevedra botará a andar o día 7 de Xaneiro a programación do *Ano Castelao* coa presentación dos premios *Sempre en Galiza* de ensaio e *Castelao de Humor Gráfico* e un acto institucional de apertura coa intervención de Isaac Díaz Pardo e o alcalde de Pontevedra, para o día 8 inaugurar o roteiro pola Pontevedra de Castelao. Queda por diante un ano cun nutrido programa debullado en música, teatro, exposicións, arte e literatura, audiovisuais, debates e congresos, todos organizados arredor da figura do nacionalista e en colaboración con diversas organizacións, como a Aula Castelao de Filosofía, a ASPG ou a Fundación Castelao.

A intención do concello é que durante todo o ano Castelao esté presente na vida da cidade, cunha difusión que prenda para o futuro. Unha mesma filosofía que anima á ASPG que conta, segundo o seu presidente, "chegar a unhas 100.000 persoas con distintas actividades como son a exposición producida en colaboración co Concello de Pontevedra e a Fundación Castelao, un audiovisual e unha obra de teatro coproducida coa compañía *Espello Cóncavo* que se nutre dos seus textos e que, pola número de peticións de representacións anunciase como unha marca no teatro galego". En Outubro, ASPG e Concello de Pontevedra organizarán un congreso que pretende reflectir sobre

o pensamento político, social e histórico de Castelao. Pola súa banda, as estacións de ferrocarril das principais cidades galegas acollerán unha exposición producida por Renfe e A Nosa Terra sobre a figura do rianxeiro.

Desde os balcóns do Concello de Rianxo e do pazo do Martelo leranse na mañá do día 7 párrafos do discurso *Alba de Gloria* e, pouco despois, proxectarase a película *Miss Ledyá* nun día no que o pleno do concello aprobará unha declaración institucional e se farán diversos actos de homenaxe ao ilustre rianxeiro, entre eles, un acto cívico dos seus veciños que terá lugar o día 9 de Xaneiro. En Rianxo terá lugar tamén dos días 25 a 29 de Xaneiro as Xornadas de estudo organizadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galiza e que reunirán a máis de trinta estudosos da súa figura.

O concello de Vigo fará rotar polos centros de ensino que o soliciten a exposición *Castelao para nenos e nenas*, producida por A Nosa Terra. En preparación está unha mostra de pintura de Castelao cos fondos do Museo Municipal e unha bibliográfica a meio dos fondos da Fundación Penzol.

O museo virtual de Castelao, que pon en marcha o Consello da Cultura, darase a coñecer o vindeiro 7 de Xaneiro, "aínda que non de

forma completa". Carlos Casares explica que se instala na páxina web que posúe o Consello. "Supoñemos terá moita aceptación xa que a páxina web recibe unha catro mil consultas mensuais", di. Neste museo haberá tres niveis: un para os máis activos, de acceso sinxelo a unha biografía do político, escritor e debuxante de Rianxo adaptada aos novos lectores. Xa nun segundo nivel preténdese atraer aos lectores adultos, que poden consultar parte da obra de Castelao. "Aos investigadores estaría dirixido un terceiro nivel que os achega tanto a obra gráfica como a literaria. Esta é a parte que aínda está por rematar debido a que non están resoltos os dereitos de autor", comenta o presidente do Consello da Cultura.

Sete volumes editará este ano *Galaxia* para facer un compendio da obra de Castelao. O primeiro, que estará proximamente nas librerías, recolle a obra literaria. Pero tamén se reeditarán o *Sempre en Galiza* e outros textos políticos menos divulgados, ademais dun volume no que se recolle a correspondencia. *Galaxia* tamén promove publicacións sinxelas como "Pequena escolma", con contos e o discurso *Alba de Gloria*, ou *Cinuenta Cousas da Vida*, unha selección de debuxos, "co ánimo de popularizar a súa figura no ano do cincuenta aniversario". A edición da obra de Castelao por parte de

Galaxia incidirá na imaxe positiva que se ten do galeguista, segundo Casares. "Cando un personaxe é un mito coma el, afondar na súa obra, nas súas cartas, etc pode ser motivo de decepción para o investigador. Con Castelao, non só non se desvirtúa o mito, senón que nos achegamos a unha figura humana moi interesante".

A Fundación Castelao convocou unha reunión previa con representantes de diversas institucións e entidades co fin de coordinar as actividades programadas. O día 7 protagonizarán, como cada ano, o acto relixioso e a ofrenda floral diante do Panteón de Galegos Ilustres no que está enterrado Castelao a seguir, nesta ocasión, por unha acto cívico coa intervención de Pousa Antelo, Miguel Fernández Lores, Xosé Sánchez Bugallo e Carlos Casares, entre outros, pechando o presidente da Xunta, Manuel Fraga. Ese mesmo día, o presidente da Fundación, Avelino Pousa Antelo, lerá unha declaración institucional no concello de Vigo. O día 30 de Xaneiro conmemorarán o aniversario do nacemento de Castelao cunha xunta xeral dos membros en Rianxo. Segundo os sus responsables, a Fundación prestouse á colaboración con distintas entidades e, froito diso, inaugurárase o 28 de Xuño a exposición patrocinada pola Fundación CaixaGalicia e comisariada por Núñez Seixas e Carlos Valle. ♦